

EXPERIENCIAS NORMALIZADORAS NO CONCELLO DE VIGO

Iolanda Galanes Santos

Marta Souto González

Servicio de Normalización Lingüística do Concello de Vigo

INTRODUCCIÓN

A nosa situación sociolingüística é a dunha sociedade con linguas en contacto, é dicir, que non conviven en igualdade de condicións. Existe, pois, unha lingua propia e maioritaria en Galicia que está en situación desvantaxosa, minorizada. Para solucionar esta situación de desigualdade e restaurar cando menos un equilibrio cómpre unha actuación consciente e pública.

O proceso de normalización lingüística ten como obxectivo final provocar un cambio lingüístico. Cambio para o que se fai necesaria como instrumento a planificación e como útiles os servicios lingüísticos¹.

O SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. DEFINICIÓN E FUNCIÓNS

Tendo en conta que “normalizar” consiste non só en “dar normas”, codificar e modelar unha lingua, senón tamén en pór ou en restituír ó nivel “normal” a lingua que lle serve de expresión a un grupo lingüístico², cómpre que a actuación dun servicio de normalización lingüística estea centrada no corpus da lingua e mais no status desa lingua respecto doutra/s no seu uso.

¹ En sentido extenso.

² R.Ninyoles, *Estructura social e política lingüística*, Ir Indo, Vigo, 1990, p. 105.

Seguindo a T. Cabré³ e tamén a descrición dos servizos lingüísticos cataláns que realiza Planellas⁴, entendemos que un servizo de normalización lingüística dun organismo público debe ser unha unidade de traballo que organiza e resolve as necesidades que, verbo do uso da lingua, xorden no quefacer cotián na administración e no seu ámbito de actuación e que debe procurar un modelo lingüístico axeitado ás súas necesidades da comunicación. E que vai analizar cál é a situación sociolingüística na que vai traballar para proxectar, desenvolver e avaliar actuacións que potencien o uso da lingua, ben sectorialmente, ben dirixidas á totalidade da poboación. O servizo realiza funcións fundamentalmente de asesoramento, formación e dinamización.

A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO CONCELLO DE VIGO

Xa definímo-lo modelo de servizo de normalización e as súas funcións, cómpre agora cita-las actuacións que se levaron a cabo dende o Concello de Vigo. Actuacións que constitúen pasos curtos pero constantes, con maior ou menor fortuna, no camiño cara a acadar os obxectivos xerais antes expostos.

Realízanse actuacións sobre o corpus da lingua e sobre o status. Ademais, o eido de actuación non é só o interno: a rotulación, a comunicación o regulamento de uso, a terminoloxía, a documentación ...; senón tamén o externo: os provedores, as comunicacións e a rotulación exterior, a publicidade, a imaxe exterior... Os destinatarios finais das accións son o funcionariado e a administración e o conxunto da cidadanía no nivel externo.

Sen embargo, estas actuacións de normalización lingüística non se conciben como exclusivas do servizo, pois son froito da colaboración do funcionariado do concello no ámbito interno, así como da colaboración con outros organismos e sectores sociais, profesionais ou cidadáns implicados no proceso normalizador. E cremos que é importante salientalo papel importante que teñen os destinatarios das actuacións como colaboradores tamén nelas, xa que na medida en que se sintan implicados acadarase o éxito. O proceso de normalización lingüística é tarefa de todos.

Faremos logo un percorrido pola “cuestión da lingua” no Concello de Vigo. Nel percíbese ó comezo a galeguización progresiva da propia institución e da súa imaxe exterior para posteriormente incidir sobre a cidadanía.

a) Antecedentes. Algo de “historia”

A cuestión lingüística referida á nosa lingua xorde nesta administración hai vinte anos, a mediados dos anos setenta: en concreto, no Pleno do 30 de abril de 1976, segundo se

³ M.T. Cabré Castellví, “Os servizos lingüísticos: definición e estrutura”, *Cadernos de lingua*, 4, 1991, pp. 141-150.

⁴ G. Planellas Domenech, “Os servizos lingüísticos en Cataluña”, *Cadernos de lingua*, 11, 1995, pp. 143-155.

recolle no libro de actas, un concelleiro⁵ presenta unha moción na que solicita que os membros da Corporación poidan empregar o galego nas súas intervencións nos Plenos; trala discusión acórdase por unanimidade autorizar o uso da lingua propia nas sesións plenarias, pero a persoa interesada deberá efectuar a tradución ó idioma castelán.

No ano 79 desenvólense as primeiras actuacións cara á galeguización do funcionamento administrativo do Concello e en anos posteriores danse pasos importantes no uso público da lingua tanto internamente na documentación, coma no exterior (anuncios de prensa, etc.).

En setembro de 1982 acórdanse, entre outras cuestións, a publicación en lingua galega de bandos, edictos, anuncios..., así como que a documentación municipal impresa estea en galego e a realización de curso de lingua para o funcionariado.

En anos posteriores é fundamental a creación do Servizo de Normalización Lingüística no ano 83 e a adscrición dun funcionario no ano 84. Nesta etapa vaise crear un ambiente favorable para a normalización lingüística, cun programa global procurábase que o conxunto do Concello poida funcionar habitualmente en galego. Así pois, alén de actuacións externas incidírase no ámbito interno.

- A rotulación das dependencias municipais e nas rúas da cidade é en galego
- Na selección de persoal créase unha proba obrigatoria de lingua
- Comezan a xestionarse os cursos de lingua con vistas a dotar o funcionariado e, en xeral, a cidadanía de Vigo da formación axeitada
- Fórnesese ós diferentes servizos de material, dicionarios...
- Pouco e pouco a lingua vai gañando novos terreos administrativos. A documentación que manexa a cidadanía está practicamente normalizada así como as comunicacións internas, as actas, etc.
- Incídese nos dereitos lingüísticos dos administrados/as.

No ano 1989 apróbase por unanimidade un texto de grande importancia para o proceso normalizador: a Ordenanza municipal de normalización lingüística. Ademais da lexislación xeral, cóntase dende ese momento cunha regulamentación que incide e determina máis directamente a actividade do Concello na nosa lingua, que vai regular parte do labor que xa se estaba a realizar e creará o marco para actuacións futuras.

Na ordenanza establécese que: *“o galego ... é o idioma oficial do Concello de Vigo”*, están expresos os dereitos lingüísticos da cidadanía e fíxase o uso da lingua galega nas resolucións e na documentación administrativa, na atención ó público, na relación coas empresas privadas, nos anuncios e publicacións, nos topónimos, sinalizacións e rótulos e na relación con outras administracións. Verbo do persoal establécese que:

- *“Todo o persoal ó servizo da Corporación debe estar en condicións de empregalo [o idioma galego] nos dous niveis, oral e na escrita, en igualdade co castelán” ...*

⁵ Concelleiro que, paradoxalmente, intervéñ decote en castelán.

–“O persoal que... non estea capacitado para o uso do galego ... deberá⁶ adquirir tal coñecemento”...

–“Os procedementos de provisión de traballo, o coñecemento da lingua galega terá a consideración de mérito preferente”

–“O persoal que acreditase o coñecemento do idioma ou participase nos programas de formación ou perfeccionamento estará obrigado á súa utilización no traballo de acordo coas disposicións que contén a presente ordenanza”.

b) O pasado máis recente e o presente

A partir do ano 1991 varía a situación, por primeira vez vai existir unha concelleira delegada de Normalización Lingüística como responsable política. Ademais, o servizo vaise cubrir con persoal cun perfil específico e estará exclusivamente dedicado a este servizo. Chegará a haber ata tres persoas adscritas a este departamento, medra, polo tanto, a capacidade de actuación da unidade.

Alén das múltiples actuacións realizadas para o exterior, que logo trataremos, hai tamén actuacións internas:

–Reforma da proba de lingua no acceso á función pública local, que non se limita unicamente a contidos lingüísticos, senón que tamén se esixen coñecementos de lexislación, dereitos e deberes lingüísticos, linguaxe administrativa (historia e características...). Ademais, considérase a posibilidade de que, no canto da proba práctica de lingua galega, as persoas que accedan desenvolvan un dos temas da oposición en galego.

– Complétase o programa de formación do funcionariado cos cursos de linguaxe administrativa para as corporacións locais da Xunta de Galicia, programa que consta de tres cursos (240 horas) e co que se consegue o título de “traductor/a especialista en linguaxe administrativa”, xa superado por unha decena de traballadores deste concello.

–Organízanse xornadas en colaboración con outros organismos de interese para o funcionariado, é o caso das “Xornadas de lingua e xustiza” e “Xornadas de linguaxe administrativa”.

–O persoal obtén información sobre aspectos lingüísticos e sobre normalización, lexislación, dereitos lingüísticos, ademais de bibliografía específica sobre linguaxe administrativa e sobre ámbitos máis específicos pero necesarios para o seu traballo, como léxicos ou glosarios do deporte, música, comercio... tanto para as oficinas municipais coma para os servizos autónomos.

UN MODELO DE IMPLICACIÓN FUNCIONARIAL NA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

a) A Comisión Interdepartamental de Normalización Lingüística

Con todo e malia a que o Servizo de Normalización Lingüística levaba anos funcionando e de que lle remitira a tódolos servizos a Ordenanza municipal de normalización lingüística, así como outra información de interese, observouse que existía desinfor-

⁶ O subliñado é noso.

mación e ignorancia en parte do persoal. Non falamos unicamente de cuestións lingüísticas, senón tamén sobre a situación do SNL e mesmo sobre a existencia e funcións deste. Por iso pensouse en estender e involucrar a tódolos servizos no proceso de normalización para o que se creou a Comisión Interdepartamental de Normalización Lingüística que xa estaba prevista na Ordenanza municipal do ano 89.

A comisión apróbase en abril do ano 1995 e logo comeza a súa actividade.

Ten como obxectivos:

- Achega-lo SNL a tódalas dependencias do Concello.
- Crear unha rede de normalización operativa que descentralice o SNL.
- Integrar tódalas dependencias municipais no proceso de normalización lingüística.
- Dinamiza-lo uso do galego na Administración local.
- Colaborar con outras administracións en materia lingüística.

Os destinatarios desta actividade son os traballadores e traballadoras do Concello de Vigo. Colabora e promove o persoal do SNL, o funcionariado que realizou os cursos de linguaxe administrativa, así como todas aquelas persoas interesadas e con experiencia en tarefas dinamizadoras e normalizadoras, en xeral persoal de moitos dos servizos e de tódolos sindicatos.

A comisión pretende dinamiza-lo uso da lingua a través da actividade non unicamente profesional do funcionariado municipal e asemade “vixiar” polo cumprimento da Ordenanza de normalización lingüística.

Como actuacións da Comisión destacamos:

- A planificación, elaboración e distribución do boletín “Lingua Viva”
- A organización de charlas, conferencias e mesas redondas sobre temas diversos co eixe común da normalización e dinamización lingüística.
- A colaboración en actividades de ocio do persoal, como un grupo de teatro, etc.

A Comisión réunese cada dous meses. Nas primeiras reunións acordouse a constitución do grupo de traballo, máis adiante discutiuse e aprobouse a elaboración do boletín, a tirada, formato, seccións, contidos, así como a distribución de funcións de modo que, practicamente e sobre todo nos últimos números, o papel do SNL foi unicamente de corrección de orixinais e coordinación do boletín.

O acto inaugural, é dicir, a presentación pública da comisión tivo lugar coa saída do primeiro número da revista en maio de 1995 e a realización dunha primeira charla sobre: “O papel do funcionariado no proceso de normalización lingüística”.

b) O boletín *Lingua Viva*

O Boletín de Normalización Lingüística *Lingua Viva* nace como medio de expresión da Comisión Interdepartamental de Normalización Lingüística.

Inicialmente concibiuse como unha publicación de divulgación sobre temas lingüísticos cunhas seccións que se converterán case en fixas como: lexislación, dúbidas, toponimia, campañas de normalización lingüística, documento comparado, linguaxe administrativa e bibliografía.

Nas seccións fixas procúrase motiva-lo funcionariado con cuestións que lles sexan próximas. Na sección de toponimia inicialmente fíxose unha introducción para despois, nos seguintes números, tratar da toponimia específica de Vigo. O documento comparado é normalmente un documento existente no concello e de uso común (acta, certificado...) en varios departamentos. As dúbidas que se comentan están normalmente inspiradas nas consultas telefónicas ou persoais que realizan os e as compañeiras ó SNL e tamén así no resto das seccións.

Pouco a pouco engádense outros contidos de interese para o seu público potencial e publicanse artigos de opinión sobre temas diversos de interese para o funcionariado sen perder de vista, por suposto, a cuestión lingüística.

Así vaíse convertendo nun medio de expresión do funcionariado do concello onde expresa opinións sobre temas da cidade, do concello, dá avisos do grupo de teatro, etc. O obxectivo é dinamiza-lo uso da lingua e ofrecer unha canle para a oferta cultural e de ocio, o intercambio de información e a expresión de opinións...

A súa periodicidade é bimensual, agás no verán que sae un número extra para tres meses. O número de páxinas medrou dende o primeiro número, comezara con 8 páxinas, que xa no número seguinte aumentaron a 12, ademais hai dous números extra por ano (nadal e verán) que contan con 16 páxinas.

A aceptación desta iniciativa pódese cualificar de favorable, posto que se conseguiu a consolidación dun grupo de traballo estable, unha alta participación na elaboración do boletín, que tivo unha boa acollida (ten unha tirada de 1.000 exemplares que practicamente se esgota en tódalas edicións). Ademais, o nivel de asistencia ás charlas é máis que aceptable.

Esta iniciativa serve, na nosa opinión, para crear un lazo de colaboración entre o funcionariado que descobre a utilidade de ter un medio de comunicación interno e asemade camiña cara á afirmación dunha administración galega.

UN MODELO DE IMPLICACIÓN SOCIAL NA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. O LABOR EXTERNO

Non podemos entende-lo labor dun SNL sen proxecta-lo seu ámbito de actuación máis alá das “paredes” da organización, administración... onde este se encadre. Así, o SNL do Concello de Vigo dende os primeiros latexos promoveu actuacións normalizadoras, ben individualmente ben con outros organismos.

Imos a seguir deternos naquelas máis salientables destes últimos tempos; analizaremos concretamente:

- Unha actuación levada a cabo nun ámbito determinado (o ensino) pero que dun xeito ou outro implica e incide en toda a sociedade viguesa.
- Unha actuación no mundo do urbanismo e a construción.
- Unha iniciativa dende o Concello dirixida a aquelas empresas ou particulares cos que o Concello ten relacións contractuais.

Con todo, antes de comezar a analizar estas campañas farei unha breve introducción sobre o medio de “actuación” e destinatarios: a cidade e a cidadanía de Vigo. Hai que dicir que hai moitos vigos en Vigo: un vigo rural, con dominio de galegofalantes, un vigo periurbano e zonas de asentamento de inmigrantes, por ex. Coia, de xente galego falante de procedencia e un vigo urbano con castelanfalantes na súa inmensa maioría. Obviamente cómpre ter en consideración esta situación sociolingüística á hora de actuarmos. Tamén hai que apuntar que as e os cidadáns de Vigo non se destacan por seren abandeirados na defensa da lingua ó demandaren actuacións das administracións, pero tampouco é esta unha cidadanía belixerante respecto da lingua; cando se realizan actividades como as que imos analizar o xeral é unha resposta positiva, e aquí cabe destaca-lo importante papel de sindicatos e das asociacións veciñais.

a) *En galego vivo Vigo, en galego Vigo vai*

Os antecedentes desta actuación situámoslos nos encontros de equipos de normalización de centros de ensino do sur da provincia de Pontevedra de cerre do curso 1992-93. Neles analizouse o escaso avance do galego –nesta zona– como lingua vehicular no campo da educación e chegouse á conclusión de que unha das dificultades maiores era a actitude do profesorado verbo do uso do galego nas aulas.

Constatábase, por exemplo:

- Ausencia de información que axude a entende-la situación lingüística.
- Preconceitos erróneos sobre esta realidade.
- Ideas equivocadas respecto da normativa legal...

Neste contexto, o coordinador docente de galego proponlles á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e ó Servicio de Normalización e Concellería de Educación do Concello de Vigo unha actuación conxunta.

Esta é a orixe desta campaña (*en galego vivo Vigo, en galego Vigo vai*) que aínda que se centra nun campo xa suficientemente “traballado” pola Administración autónoma, presenta aspectos novos que a singularizan. Aspectos (un deles é tamén o feito de seren dúas administracións de signo político contrario colaborando) que indicamos a seguir:

- A/ Destinatarios
- B/ Obxectivos
- C/ Dinámica de traballo
- D/ Actuacións

A/ Con respecto ós destinatarios, as actuacións programadas diríxense principalmente ó profesorado (coa LOXSE desempeña un papel primordial ó elaborar nos centros o PEC e o PCC) aínda que inciden en toda a comunidade educativa e de aí no global da sociedade viguesa, ó implicarse nas diversas actuacións alumnado, familias, sindicatos, asociacións veciñais, ANPAS,...

B/ O principal obxectivo é erradica-las deficiencias entre o profesorado tocante ó uso do galego como lingua vehicular e da propia realidade sociolingüística, para o que se lles subministra información e material.

C/ Verbo da dinámica de traballo temos que indicar que se formou un grupo de traballo (sobre unhas vinte persoas, na súa maioría profesoras/es de galego) que en reunións periódicas vai elaborando material, propoñendo novas actuacións, avaliando o realizado.

D/ Podemos dividi-las actuacións en dous bloques ordenándoas segundo a cronoloxía da súa realización.

– Un primeiro bloque de actuacións realizouse en maio do 94:

+ Presentación oficial no Concello ós medios de comunicación, asociacións veciñais, culturais, sindicatos, directores/as dos centros...

+ Ese mesmo día a cidade aparece “poboada” co cartel e lema central da campaña nas columnas publicitarias e *moopis*.

+ E igualmente nos centros de ensino coa distribución entre o alumnado e profesorado do material propagandístico complementario (lapis e goma de borrar, adhesivos,...).

+ Entrega do primeiro material para o profesorado:

– carpeta (caderno de recambio para a colección de fichas)

– dúas fichas, as números 7, *As vantaxes de medrar en dúas linguas* e 10, *Lexislación actual sobre a lingua galega*.

– libro de presentación da campañas, o conto de Suso de Toro *Así foi doutor*, que reflicte en clave de humor estereotipos de actitudes lingüísticas.

+ Inauguración dunha exposición que recolle todo o material que para dar clases en galego había ata o momento no mercado. Exposición que achegaba ó profesorado a este material e sobre todo permitía calar voces que indican “*no doy las clases en gallego porque de mi asignatura no hay libros*”.

+ Invítaselles a colaborar ós sindicatos, ANPAS, Federación de Asociacións Veciñais coa sinatura de cadanseu convenio de colaboración.

– Outras actuacións van desenvolvéndose durante o curso 94-95:

+ Co lema da campaña entréganse en datas próximas ó Nadal en escolas infantís, garderías, hospitais, colexios... modelos de cartas dirixidas ós Reis Magos.

+ Entrega periódica do resto das fichas ata completa-lo total de vinte.

+ Lévanse a cabo unha serie de charlas-coloquio polos centros de ensino dirixidas ó profesorado.

+ En maio repártense entre as familias e o alumnado uns xornais que recollen os temas centrais da campaña.

Son estas tres últimas actuacións as máis relevantes das realizadas ata o momento e de aí que pase a analazalas máis polo miúdo.

Carpeta e fichas para o profesorado

Fichas que dotan ó profesorado dos materiais de traballo precisos para favorece-lo proceso de normalización lingüística.

Son un total de vinte fichas agrupadas, respecto do seu contido, en dous apartados:

* ***Lingua e normalización lingüística en xeral***: ofrecen información sobre aspectos diversos da realidade lingüística, por exemplo:

- Datos sobre o coñecemento e uso do galego en Vigo e en Galicia.
- Explicación dalgúns comportamentos lingüísticos baseados nos prexuízos lingüísticos.
- Aproximación á toponimia viguesa: erros cometidos, uso (in)correcto dos topónimos.
- Algúns conceptos xerais de sociolingüística.

* ***A normalización no ensino***: inciden nas consecuencias pedagóxicas derivadas do uso de dúas linguas oficiais no sistema educativo, mentres que outras tratan o problema esencial que no plano lingüístico ten hoxe en día o sistema educativo galego. Estamos falando por exemplo de:

- Análise e comentario dalgúñas dificultades que se detectan entre o profesorado verbo do uso de dúas linguas oficiais no ensino.
- As interferencias lingüísticas.
- A importancia de galeguiza-lo ambiente do centro.
- Lexislación actual sobre o uso do galego no ensino.

Charlas para o profesorado

Como complemento, ampliación e resposta respecto dos contidos das fichas ofreceuse a posibilidade de realizar polos unhas charlas-coloquio que versaban sobre:

**** “Actitudes lingüísticas e a súa influencia no ensino”***

Qué son, qué as orixinan, cáles son as principais na/da nosa cidade, o papel dos equipos de normalización a este respecto,...

**** “A planificación lingüística nun centro educativo”***

Qué é, modelos que se axustan ó lexislado en Galicia tocante ó mundo educativo, o galego como lingua vehicular no ensino,...

Periódicos dirixidos á comunidade educativa

Tres xornais consistentes nun resume dos contidos de varias fichas. Estes están redactados e enfocada a información conforme ó destinatario (alumnado de primaria e secundaria, medias e familias) e buscan contribuír a unha formación de actitudes favorables ó emprego do galego.

As vantaxes do ensino bilingüe e a lexislación en materia educativa son os eixes de información común que se ofrece.

Ata aquí o desenvolvemento do que poderíamos catalogar de “primeira parte” da campaña, xa que na intención do equipo de traballo (semella que da Xunta tamén) está continuar realizando novas actividades con distinto enfoque e implicando sobre todo ós pais e ás nais.

A avaliación desta primeira “etapa” é a cuestión inmediata que temos pendente para este novo curso. Así pensamos elaborar unha enquisa para analiza-la acollida, resposta e colaboración que se produciu ó longo de todo este tempo.

Daquela, o equipo de traballo segue reuníndose e elaborando, programando novas actuacións pero ben distintas das xa realizadas. Agora esperemos seguir contando co apoio da Xunta e do novo goberno vigués.

B) O urbanismo en galego

Estoutra iniciativa parte do daquela concelleiro de Urbanismo e é canalizada e dirixida polo Servicio de Normalización Lingüística. Cómpre destacar que é esta unha actuación que se pretende “exportar” a outros concellos, e hai que dicir que o primeiro paso foi dado co Concello de Santiago.

No desenvolvemento das diversas actuacións programadas preténdese compaxinar unha actuación normalizadora do uso da nosa lingua na propia administración coa implicación dos colectivos profesionais, alleos a ela e mesmo da poboación en xeral.

No programa marcáronse **obxectivos** nos tres ámbitos que resumimos:

- 1.- Leva-la lingua galega ó mundo do urbanismo no que o grao de normalización estaba moi por baixo da media.
- 2.- Facilita-las ferramentas necesarias para que os profesionais da arquitectura e planificación urbanística poidan realiza-lo seu traballo en galego en óptimas condicións e co máximo apoio.
- 3.- Implicar directamente na tarefa de estende-la lingua a novos usos ós propios interesados.

O criterio xeral que se seguiu para deseña-las actuacións partía do convencemento de que é preciso asocia-las mensaxes normalizadoras con materiais ou actividades que sexan percibidas polos destinatarios como útiles para o seu traballo ou vida cotiá.

Dende o primeiro momento consideramos que era inescusable a presenza dos colectivos implicados neste ámbito: coñecían a realidade, presentaban as súas demandas, colaboraban na elaboración do material... Asínanse os respectivos convenios de colaboración cos colexios de arquitectos, aparelladores, enxeñeiros, enxeñeiros técnicos, delineantes, avogados, promotores e empresas da construción. O grao de implicación dos diversos colexios profesionais foi moi desigual: uns comprometéronse á galeguización das memorias, proxectos, papelería, etc., caso do Colexio de Arquitectos e do Colexio de Delineantes; pero outros colexios só tiveron unha presenza testemuñal o día da sinatura do convenio.

Cómpre tamén valora-lo papel da Dirección Xeral de Política Lingüística que financiou algúns destes traballos que acabamos de indicar. E tamén facer mención das achegas individuais de persoas animadas a colaborar no posible.

Como actuacións máis salientables cómpre destacar:

- Tradución ó galego de tódolos modelos de documentos que os colexios facilitan ós seus asociados e daqueles que son instrumentos de traballo de tódolos días: bases e estatutos de xuntas de compensación, memorias de proxectos de construción...
- Tradución dos estatutos destas entidades.
- Inclusión nos estatutos destas entidades de cláusulas relativas ó compromiso adquirido co proceso de normalización lingüística.
- Oferta de cursos de formación lingüística ós profesionais do sector.
- Unificación e modernización dos formularios empregados nas diversas oficinas da área de Urbanismo do Concello.

Outras actuacións están aínda en elaboración malia figurar no proxecto inicial:

- Edición dun material, con formato de fichas coleccionables, dirixido á poboación a través das asociacións veciñais; nelas proporcionarase información práctica para os cidadáns respecto da súa relación coa actividade que xera esta área: trámites para obter unha licenza de apertura, de obras menores... Incluirase tamén en cada ficha unha entrega referente o léxico máis común e a explicación dos dereitos lingüísticos.
- Edición dun volume que recolla os modelos e formularios que se empregan na actividade do sector de urbanismo e unha guía de tramitación.

Para rematar referímonos á principal actuación:

- *Vocabulario de arquitectura, urbanismo e construción* (1998). Na elaboración deste participaron lingüistas, arquitectos, delineantes, constructores... Seguiuse o proxecto inicial e elaborouse un vocabulario que recolle as entradas en castelán e a forma galega, con indicacións gramaticais ou/e lexicais só nos casos que ofrecen dúbidas ou cumpra precisar na terminoloxía.

C) Relacións contractuais en galego

Recentemente aprobou o goberno municipal unha proposta encamiñada a garanti-la presenza da lingua galega nas relacións contractuais do Concello con empresas privadas.

Analizando os datos sociolingüísticos tirados das últimas enquisas e investigacións (*Usos lingüísticos en Galicia, Publicidade e lingua galega*, ambos de 1995) que reafirman o galego como lingua de maior porcentaxe de monolingües, a práctica inexistencia de dificultades para entende-la lingua propia de Galicia e as actitudes positivas por parte das e dos galegos respecto dunha maior presenza do galego en tódolos ámbitos, a practica cotiá no eido das empresa (malia estaren a darse os primeiros pasos para unha muda da situación lingüística) é a comunicación en lingua castelá.

A Ordenanza municipal de normalización lingüística do Concello de Vigo (1989) tentou regular este aspecto (capítulo IV, art. 8 “*Relacións coas empresas privadas*”) pero quedaba moi “curta” o demandar que “*Os estudos, proxectos e traballos semellantes que o Concello encargue a terceiros dentro do ámbito territorial galego terán que ser redactados en galego, anque a súa finalidade esixa a redacción noutra lingua.*”

Ese escaso desenvolvemento deste aspecto na OMNL que provoca queixas dabondo entre a cidadanía e mesmo un relativo esquecemento por parte da propia administración, levounos a presentarlle ó goberno vigués esta proposta.

Proposta que amais dos xa indicados fundamentos de partida (escaso desenvolvemento na OMNL, queixas da cidadanía) ten estoutros:

- Notable importancia (e crecente) que para a cidade ten a prestación de servicios e a realización de actividades sobre bens de titularidade municipal ou en materias de competencia municipal.
- O esforzo normalizador que o Concello vén desenvolvendo no marco do EAG e LNL pérdese por non termos criterios xerais claros e suficientemente articulados en relación con entidades que actúan apoiándose nos orzamentos ou patrimonio municipal.

Tocante ó **ámbito de aplicación** destes criterios, este esténdese:

- A) A tódolos contratos en vigor e ós que se formalicen no futuro e participe o concello:

* Aqueles previstos na Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas: contratos de execución de obras, xestión de servizos, realización de subministración, asesoría, asistencia e servizos...

* Derivados da lexislación reguladora do patrimonio local (RD 1372/1986 e normas concordantes), especialmente as autorizacións e concesións dos ben municipais de dominio público, arrendamento e cesión de bens propios.

* Os concertos e os convenios de colaboración con outras entidades públicas ou privadas.

* As actividades desenvolvidas por entidades privadas sen ánimo de lucro que contén con subvención e/ou patrocinio municipal.

B) Aplicaráselles estes criterios ós contratistas principais e subcontratistas destes. Os contratistas principais serán responsables de comunicárenlles ós seus subcontratistas estas disposicións e de supervisar a súa aplicación (sen prexuízo das facultades inspectoras do concello).

C) Exclúense as actividades que se vaian desenvolver fóra de Galicia.

Os **criterios** son:

1.– Redactaranse en galego:

a) Os contratos, pregos de condicións, proxectos, informes e memorias anuais.

b) Os anuncios, campañas publicitarias, sinais e indicadores, os rótulos que se coloquen nos inmobles, vehículos, uniformidade...

c) Os impresos e modelos de documentos de uso xeral, así como as publicacións.

d) Calquera outro elemento de uso ou difusión pública que se leve a cabo no marco do obxecto do contrato e do seu desenvolvemento.

2.– A empresa contratista ou adxudicataria poderá pedir pola súa conta a tradución ó castelán do contrato.

3.– Toda empresa que teña relacións contractuais co Concello e preste servizos ou realice actividades de relación co público e atención ás e ós usuarios deberá contar con persoal cualificado nos dous idiomas oficiais de Galicia. Prevese, en caso de non o teren que adopten as medidas precisas (cursos de galego...).

Para un axeitado e inmediato cumprimento:

a) notificáronselles estes criterios ás oficinas municipais responsables da contratación e a aquelas que xa manteñen relacións contractuais con empresas privadas e a estas.

b) incluíranse en tódolos contratos, acordos de concesión de subvención e patrocinio que se formalice no futuro.

c) Redactouse un modelo de carta de remisión destes criterios dirixida ós/ás directores/as da empresas, na que amais se brindaba o apoio deste servizo e dábaselles un prazo dun mes para enviar un informe ó SNL coas medidas adoptadas a este respecto.

Non se pode falar plenamente de aprobación desta iniciativa xa que o goberno municipal nos sorprendeu cun modelo *sui generis* de interpretación desta proposta, pois todo o que fai é “recomendar” que se cumpra e xa sabemos que son e ata onde chegan este tipo de recomendacións.

Con todo, podemos dicir que empresas como VITRASA (transporte público) ou SERAGUA están no camiño de galeguizarse e mesmo inclúen nos estatutos regulamentación verbo disto.